

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente de clasificación nº: 49/92.

ID: 784

R E S O L U C I Ó N

PRESIDENTE:

Don Luis González Vázquez.

VICEPRESIDENTE:

Don Francisco Caamaño Pajares.

VOCALIS:

Don Manuel Martínez Garrido.

Don Manuel Veiga Franco.

Don José Antonio Illán Torrón.

Don José Abelardo Blanco Serrano.

SECRETARIO EN FUNCIONS:

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a vinteseis de maio de mil novecientos noventa e oito, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas nº 1, da Delegación Provincial da Consellería de Presidencia e Administración Pública, adoptou a seguinte RESOLUCIÓN:

Visto no día da data o expediente número 49/92 para a clasificación como veciñal en man común do monte " DE FOLGUEIRAS ", concello de NAVIA DE SUARNA, iniciado por acordo do Xurado coa data do 4 de maio de 1992, sendo instructor do mesmo DON MANUEL MARTÍNEZ GARRIDO, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO:** Aceptado o cargo polo Vocal Instructor, iniciouse o expediente número 49/92, poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da Acta da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do Instructor.

**SEGUNDO:** Recabouse do concello de NAVIA DE SUARNA: a) certificación da posible inclusión no Rexistro da Propiedade, relativa ó monte " DE FOLGUEIRAS "; b) certificación da posible inclusión no Inventario de Bens municipais; e c) certificación do acordo municipal relativo ó posible consorcio suscrito coa Administración Forestal, tendente á repoboación do monte.

**TERCEIRO:** Recabouse do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de Lugo.

**CUARTO:** Remitiuse resolución ó Diario Oficial de Galicia poñendo en coñecemento de tódolos interesados a incoación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel na defensa dos seus dereitos e intereses.

**QUINTO:** Remitíronse edictos ó concello de NAVIA DE SUARNA, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a incoación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel na defensa dos seus dereitos e intereses.

**SEXTO:** Recibiuse certificación do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, relativa a que o monte " DE FOLGUEIRAS ", non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de Lugo.

**SÉTIMO:** Recibiuse certificación do concello de NAVIA DE SUARNA, relativa a que o monte " DE FOLGUEIRAS " non figura inscrito no Rexistro da Propiedade, non figura no Inventario de bens municipais, nin consta acordo ningún que faga referencia ó consorcio coa Administración Forestal para a repoboación do mesmo.

**OITAVO:** Coa data do 23 de xuño de 1992 aparece publicada no Diario Oficial de Galicia, número 119, páxina 5.309, a resolución do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, pola que se anuncia e pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación deste monte.

**NOVENO:** Recibiuse escrito asinado por DON SATURNINO MON GONZÁLEZ, no que se opón á clasificación do monte " DE FOLGUEIRAS " por estimar están incluídos no perímetro do mesmo varios predios particulares que sempre formaron parte do caserío de "Alonso", hoxe da súa propiedade. Aporta certificación catastral e copia de Escritura Pública.

**DÉCIMO:** Recibiuse certificación do concello de NAVIA DE SUARNA, relativa a que o Edicto de información pública estivo exposto durante

o prazo de 15 días hábiles no taboleiro de anuncios do Concello e nos lugares de costume.

**DÉCIMO PRIMEIRO:** Remitiuse escrito a DON SATURNINO MON GONZÁLEZ, para que nun prazo de 10 días efectúe as alegacións e xustificacións que estime pertinentes, por rematarse a fase de instrucción do expediente.

**DÉCIMO SEGUNDO:** Recibiuse escrito asinado por varios veciños de FOLGUEIRAS, no que nomean seu representante diante do Xurado Provincial a DON SATURNINO MON GONZÁLEZ.

**DÉCIMO TERCEIRO:** Na carpeta-ficha de investigación previa obsérvase a existencia de monte indiviso con aproveitamentos claramente veciñais, sen embargo a parte dedicada a senaras non ten unha condición veciñal claramente definida.

**DÉCIMO CUARTO:** Na comparecencia para a información sobre os montes efectuada coa data do 2 de outubro de 1969, DON SATURNINO MON GONZÁLEZ (que tamén compareceu no expediente) e DON MANUEL BEATRIZ LÓPEZ, manifestaron que antigamente o monte era aproveitado en "searas" mediante "faveo" e que desde hai uns 15 anos o pastoreo é libre e os cultivos na súa maioría mancomunados e libres.

**DÉCIMO QUINTO:** O instructor do expediente considera que os predios reclamados por DON SATURNINO MON GONZÁLEZ teñen aproveitamento individualizado, polo que se exclúen do monte veciñal en man común.

**DÉCIMO SEXTO:** Que o monte " DE FOLGUEIRAS " na actualidade tal e como se describe no expediente de investigación previa (carpeta-ficha), presenta:

a) dúas zonas, unha ubicada ó norte do lugar e outra ó sur, cunha superficie total de 34 hectáreas, nas que cada veciño aproveita separadamente as súas parcelas, polo que non reviste o carácter de veciñal en man común, e

b) o resto cunha cabida de 53 hectáreas, que presenta o aspecto de ser aproveitadas de forma mancomunada, polo que sí teñen tal carácter, conforme ó disposto no artigo 1 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro.

DÉCIMO SÉTIMO: O instructor do expediente na súa proposta considerou que o monte que se pretende clasificar (53 hectáreas) ven sendo aproveitado polos veciños do lugar de forma mancomunada e na súa condición de tales, constitúen polo tanto unha comunidade de tipo xermánico, e concluindo que debe ser clasificado como veciñal en man común.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñecer o expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989 do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- O monte " DE FOLGUEIRAS ", tal e como se describe seguidamente, reviste o carácter de veciñal en man común cumprindo os requisitos do artigo 1 da citada Lei, dado que non se observan nel aproveitamentos individualizados.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, resolve:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: " DE FOLGUEIRAS ".  
Pertenza: veciños do lugar de Folgueiras.  
Parroquia: Folgueiras.  
Superficie: 53 ha.  
Concello: NAVIA DE SUARNA.

#### LINDEIROS:

##### Parcela I:


Norte: montes do pobo de Vilaverde e Silvouta. Leste: montes do pobo de Silvouta e predios particulares de Folgueiras. Sur: predios particulares de Folgueiras. Oeste: predios particulares de Folgueiras e monte do termo de Vilaverde.

Parcela II:

Norte: predios particulares de Folgueiras. Leste: predios particulares de Folgueiras. Sur: predios particulares de Folgueiras. Oeste: monte do pobo de Son.



*[Handwritten signatures and scribbles]*



N.



LU 34 4.1 1

To. De Beccerred

Pin de Arriba

Pin (S. Maria)

Pin de Abajo

Freixis (S. Pedro)

S. Maria Magdalenal

Villarparadin

Villarparadin (S. Esteban)

Villameijide

Saón

Virigo

Robledo

Villaverde

Arcón

Rio

Folqueiras (S. Eufemia)

Son (S. Maria)

Casas del Rio

Folqueiras

Trabado

Fonte Grande



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,


CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **10 de xuño de 2020**, figura o seguinte acordo:

Monte DE VILAVERDE (expediente 113/78), pertencente aos veciños do lugar de VILAVERDE da parroquia de FOLGUEIRAS, e monte DE FOLGUEIRAS (expediente 49/92), pertencente aos veciños do lugar DE FOLGUEIRAS da parroquia de FOLGUEIRAS, ambos no termo municipal de NAVIA DE SUARNA. O 08.11.2019, ten entrada escrito do presidente da comunidade de Vilaverde, emendado o 15.01.2020, achegando un acordo de deslindamento por avinza practicado entre estas comunidades, en canto ás liñas divisorias que separan os dous montes, aprobado mediante acto conciliatorio celebrado perante o Xulgado de Paz de Navia de Suarna; achega acta do deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación levantada no Xulgado e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Dado traslado do devandito deslindamento ao Servizo de Montes, o 21.01.2020 emite un informe (núm. 74/2019), no que se especifican as modificacións de superficie que se producen como consecuencia da avinza, nos termos que se describen no dito informe. O monte DE VILAVERDE queda cunha superficie de 214 hectáreas, e o monte DE FOLGUEIRAS, cunha superficie de 20 hectáreas. Examinada a documentación presentada, o Xurado, por unanimidade, acorda aprobar o deslindamento por avinza practicado, e proceder ás oportunas modificacións nos expedientes respectivos.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Xefatura Territorial de Lugo  
Servizo de Montes



Plano de:  
Deslinde por avinza entre os montes veciñais en man común Vilaverde (exp 113/78) e Folgueiras (exp 49/92)  
Carpeta 2019\_74

Monte: Vilaverde  
Pertenza: Veciños de Vilaverde  
Concello: Navia de Suarna  
Superficie previa: 185 ha  
Superficie posterior: 214 ha

Monte: Folgueiras  
Pertenza: Veciños do lugar de Folgueiras  
Concello: Navia de Suarna  
Superficie previa: 49 ha  
Superficie posterior: 20 ha

Escala: 1:20.000

PLANO 3: SITUACIÓN POSTERIOR AO DESLINDE

Visto e prace  
O xefe do Servizo de Montes

A enxeñeira técnica en topografía  
Lugo, 04 de decembro de 2019

113\_78\_Vilaverde\_posterior  
49\_92\_Folgueiras\_posterior

Miguel Ángel Cela González

Sonia Villaverde Vieites